

O espectáculo en lembranza de Ramon Piñeiro incluírá música, cine e teatro

## Ferrol celebrará mañá no Jofre o acto central das Letras Galegas

La Voz

FERROL | En colaboración coas entidades veciñais do municipio, o Concello de Ferrol celebrará mañá no Jofre, ás 20.30 horas e con entrada libre ata completar o aforo (as entradas pódense retirar gratuítamente en taquilla), o acto central da súa celebración das Letras Galegas.

Unha celebración que inclúe no seu programa desde música e cine ata teatro, en tributo á obra do autor homenaxeada este ano pola Real Academia Galega: Ramón Piñeiro. O alcalde da cidade, Vicente Irisarri, anunciou onte, xunta dos concelleiros de Cultura e Participación Cidadá (Mercedes Carbajales e Manuel Santiago, respectivamente) e a

dirixente veciñal Pilar Venancio, que o Concello de Ferrol vai seguir traballando para conseguir que se lle dedique un Día das Letras a Ricardo Carballo Calero. E tamén que desde hoxe mesmo, as persoas que desexen asistir ao acto que mañá acollerá o Jofre poden recoller as súas invitación en horario de 11 a 13 e de 18 a 20 horas.

### Roger de Flor

Eduardo Hermida será o encargado de conducir a gala, que tendrá a súa primeira actuación musical coa presenza sobre o escenario de Roger de Flor. Carlos Fernández, autor de *O vento do espírito*. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro, será o encargado

de facer unha semblanza do autor homenaxeado. A continuación virá a danza de Cristina Montero.

O cine chegará da man de Rubén Coca, que presentará o audiovisual *A princesa Alegría*. E tras sendas intervencións de Xosé Manuel Pazos, de Equipas de Normalización, e do propio alcalde, alumnos do Conservatorio de Música interpretarán o Himno Galego.

Tradicionalmente, o Concello de Ferrol celebra a súa xornada central das Letras Galegas en colaboración coas asociacións veciñais, nuns actos nos que á lembranza do autor homenaxeado se suman as actuacións de diferentes artistas.



### TRADUCCIÓN DE «ALÉN DA DESVENTURA», DE XAVIER ALCALÁ

A biblioteca central de Ferrol acolleu onte a presentación da tradución de «Alén da desventura», novela histórica de Xavier Alcalá, que publica Ézaro Ediciones. O acto contou coa presenza do propio autor, o escritor fe-

rrrolán autor de títulos tan recoñecidos como «A nosa ciza», así como coa da concelleira de Cultura, Mercedes Carbajales, e coa de Rodríguez-Villasante Prieto, experto na época do libro: a Ilustración. | CÉSAR TOIMIL

## OS ACTOS

### COVAS

#### Pintura, literatura e teatro.

O local social de Covas celebrará mañá o Día das letras cunha intensa axenda. Ás sete da tarde inaugurarase unha exposición de pintura de María Méndez. Media hora despois presentarase o libro *Fonte limpa*, de Xosé Díaz Dopico. Paloma Lago estará presente para entregar aos máis pequenos exemplares dos seus libros. Ás oito e media, teatro. Ás nove e media, haberá unha degustación gratuít de callos.

### UNIDADE VECIÑAL OLMO

**Excursión a Caldas de Reis.** A Unidade Veciñal Olmo inicia o domingo a celebración do Día das Letras cunha excursión a Caldas de Reis.

### MOECHE

**Artesáns do Eume.** En Moeche abrirase mañá sábado, ás 11 horas, un local situado fronte á Casa do Concello, unha mostra do labor da Asociación de Artesáns do Eume.

### AS PONTES

**Lectura de textos galegos.** O Liceo Recreativo das Pontes de García Rodríguez celebra esta tarde, á partir das 19 horas, unha lectura pública de textos en galego. Unha vez rematada a lectura, actuará a rondalla Vila das Pontes.

### PONTEDEUME

**Grupo folclórico Orballo.** Pasado mañá, domingo, ás 12.30 horas, entrega dos premios do concurso de contos na biblioteca, e media hora máis tarde, na Praza Real, a actuación do grupo folclórico Orballo.

### ORTIGUEIRA

**Concerto.** O Centro Social de Mera, en Ortigueira, acollerá mañá, ás 20.30 horas, unha actuación de alumnos de instrumentos de vento e madeira e de piano e guitarra.

### PIÑEIRO

**Sociedade Areosa.** A Sociedade Cultural Areosa de Piñeiros celebrará o domingo ás 19 horas as Letras Galegas cunha actuación da coral da entidade e cunha charla sobre Ramón Piñeiro. Haberá agasallo de libros para os nenos.

### CABANAS

**Escola Laica.** Nas instalacións da Escola Laica mañá haberá ás 11 horas monicreques para nenos e ás 18 horas proxección do documental *Astano, a forza dun soño*. Na Residencia San Xosé, de Piñeiros, mañá ás 17.30 horas actuará o Real Coro Toxos e Froles.

### FENE

**Círculo Mercantil Unid.** No Círculo Mercantil e Industrial de Fene, o domingo ás 20 horas o xornalista, escritor e académico Ramón Loureiro pronunciará a conferencia que levará por título *Piñeiro, nos ollos de Carlos Casares*.

### PAZO DA CULTURA

**Son de Seu.** O domingo, ás 19 horas, o Pazo da Cultura acollerá un concerto de Son de Seus con instrumentos construídos a semellanza dos do Pórtico da Gloria. A entrada custa dez euros.

### ARTABRÍA

**Ofrenda floral.** A Fundación Artabria levará a cabo mañá, ás 12, no barrio ferrolán de San Xoán, unha forenda floral ante o monumento a Rosalía.

### CHANTEIRO

**Concerto.** No Centro Outeiro actuarán mañá, ás 20 horas, a rondalla Trovadores e a banda de gaitas de Ares.

### PEDROSO

**Teatro.** A Sociedade A Pomboña acollerá o domingo ás 19 horas a representación dunha obra teatral de Bety Calvo.

**TEATRO JOFRE**  
**ACTO CIDADÁN**  
**16 DE MAIO DE 2009**  
SABADO 20.30 H.





**LETRAS GALEGAS**  
**RAMÓN PIÑEIRO**

  
 CONCELLO DE FERROL  
C U L T U R A

  
 CONCELLO DE FERROL  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ

INVITACIÓN A RETIRAR NA BILLETEIRA DO TEATRO JOFRE DENTE O MÉRCORES 13  
ATA COMPLETAR AFORO NO HORARIO DE 11.00 A 13.00 H. E DE 18.00 A 20.00 H.